



COLEXIO DE XEÓGRAFOS

Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2017



I. ÁREA DE XESTIÓN

1. Colexición

Promover a colexiación: dado que nos últimos anos o colexio observou unha redución do seu número de membros ante as dificultades para facer o pagamento das cotas, reducíronse os prezos das mesmas.

De cara a promocionar a nosa profesión mantivéronse xuntanzas co alumnado de Xeografía da Facultade, así como alumnado de E.S.O. ofrecéndolles a oportunidade, en colaboración co Departamento de Xeografía, de facer unha visita guiada pola facultade co fin de ver como se traballa, ver os laboratorios, equipamentos, a estación metereolóxica, etc.

2. Relacións co Colexio Estatal

Mantívose unha comunicación fluída coas oficinas centrais do Colexio, e colaborouse coas actividades que este desenvolveu ao longo do ano.

II. ÁREA DE SERVIZOS

1. Emprego e defensa da capacidade profesional

Enviáronse diversas ofertas de traballo tanto de ámbito nacional coma internacional.

Recibiuse unha solicitude de asistencia xurídica por parte de un colexiado, en relación a garantir a presenza dos xeógrafos en concursos e prazas relacionados co medio ambiente e a planificación de espazos naturais.

2. Relativo á web

Debido a un ataque informático a web da Delación Galega do Colexio, que tamén afectou á web nacional, esta permaneceu inactiva a maior parte do ano. Hai conversas cos servizos centrais para poñer solución a este problema.

3.- Peritaxe:

Coma vén sendo habitual, este ano tamén se convocou aos colexiados para participar na listaxe de peritaxes xudiciais para ser enviada posteriormente aos órganos xurisdicionais de Galicia. A listaxe final elaborada no ano 2017, para o ano 2018, está formada por 7 persoas.

III. ÁREA DE COMUNICACIÓN E REDES



1. Newsletter da Delegación Galega

Continuamos elaborando correos electrónicos informativos. Esperamos que vos animedes a participar no mesmo enviando información sobre eventos, novas que podan ser de interese, ou mesmo pequenos artigos de debate.

Ao longo de 2017 enviáronse 12 correos con información sobre emprego, cursos, licitación, e eventos relacionados coa nosa profesión.

2. Mantemento do Facebook da Delegación

Continuamos a manter activo o Facebook do colexio, publicando novas relativas á profesión, ofertas de traballo para xeógrafos, e difundindo as actividades organizadas desde a Delegación.

IV. ÁREA DE PROXECCIÓN SOCIAL

1. Representación en órganos colexiais externos

Continuamos colaborando co GDR As Mariñas-Betanzos.

Tamén continuamos en contacto coa directiva do Colexio de Arquitectos de Galicia de cara a desenvolver algunhas actividades conxuntas.

Mantivéronse xuntanzas con representantes da Unión Xeográfica Internacional en representación do Colexio Estatal de cara a organizar seminarios e fomentar a colaboración entre os colexiados españois e os membros de dita institución.

Desde a Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos colaborase na proposta para a declaración do "Decenio da Ciencia do Entendemento Global (SDGU) de 2020". Esta década basearase nos logros do Ano Internacional do Entendemento Global e seguirá lidando coas tres interfaces ciencia/vida cotiá, sociedade-cultura/natureza, e local/global nos ámbitos da investigación, a educación e a información. O Centro Rexional do SDGU está coordinado por María José Piñeira Mantiñán, en colaboración con outros profesores da USC.

Esta colaboración estendeuse á Coordinadora Galega das Escolas UNESCO, que tamén están interesadas en organizar actos co Colexio no marco do SDGU.

2. Colaboración cos Institutos para a difusión da Xeografía

Este ano voltamos visitar os institutos para dar charlas informativas sobre a carreira de Xeografía e as súas saídas profesionais.

Organizáronse en Santiago de Compostela as Olimpíadas Rexionais de Xeografía que tiveron lugar o 3 de marzo de 2017 na Facultade de Xeografía, coa participación de alumnos de 2º bacharelato de varios institutos galegos.

Os días 23 e 24 de marzo celebrouse en Santiago, organizada polo Colexio de Xeógrafos, a final estatal das Olimpíadas da Xeografía.



Colaborouse coa Asociación de Xeógrafos Españois e o Departamento de Xeografía para pór en marcha o *Concurso Estudiantil de la AGE a través das túas fotos*.

Santiago de Compostela, marzo de 2018

Delegación Territorial de Galicia do Colexio de Xeógrafos